

AS 67 DÚBIDAS MAIS FRECUENTES NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Coordinadores

Yolanda Maneiro Vázquez

José María Miranda Boto

Autores

Guillermo Leandro Barrios Baudor

Lucía Dans Álvarez de Sotomayor

Yolanda Maneiro Vázquez

Remedios Menéndez Calvo

José María Miranda Boto

ÍNDICE

1. DENUNCIA

- 1.- Quen pode denunciar un convenio colectivo?
- 2.- Que prazos ten a denuncia dun convenio colectivo?
- 3.- Ante quen se fai a denuncia?
- 4.- Que elementos debe conter unha denuncia?
- 5.- É obrigatorio rexistrar unha denuncia na plataforma *REGCON*?
- 6.- Que efectos produce a denuncia en canto á vixencia dun convenio colectivo?
- 7.- Que efectos ten a denuncia automática prevista no texto dun convenio colectivo?

2. COMISIÓN NEGOCIADORA

- 8.- Quen forma parte da comisión negociadora dun convenio?
- 9.- Como se distribúe a composición e o número de membros dunha comisión negociadora?
- 10.- Hai un número máximo ou mínimo de membros dunha comisión negociadora?
- 11.- Está limitado o número de persoas asesoras?
- 12.- É obrigatorio nomear Presidencia e Secretaría nunha comisión negociadora?
- 13.- Como se vota nunha comisión negociadora dun convenio?
- 14.- Como se pode conseguir un certificado de representatividade sindical?
- 15.- Como se mide a representatividade empresarial nos convenios sectoriais?

3. ÁMBITOS

- 16.- Que ámbitos debe recoller un convenio colectivo?
- 17.- Como se delimita o ámbito temporal dun convenio?
- 18.- Como se delimita o ámbito funcional dun convenio?
- 19.- Como se delimita o ámbito persoal dun convenio?
- 20.- Pode excluírse a un determinado colectivo de persoas traballadoras da aplicación dun convenio?
- 21.- Que é a ultraactividade?
- 22.- Pódese pactar nun convenio colectivo a súa ultraactividade?
- 23.- Se non se pacta nada, que ultraactividade ten un convenio?

4. CONTIDO

- 24.- Cal é o contido mínimo dun convenio colectivo?
- 25.- Que aspectos remite a Lei obrigatoriamente á negociación colectiva?
- 26.- Que aspectos permite a Lei facultativamente que se melloren na negociación colectiva?

27.- Pódense menoscabar/minorar por convenio colectivo as condicións laborais establecidas por lei?

28.- Que diferenza existe entre o contido normativo e o contido obrigacional dun convenio colectivo?

29.- Pódese establecer unha idade de xubilación obrigatoria por convenio colectivo?

30.- Pódese establecer a clasificación profesional por categorías profesionais?

31.- Pódese establecer en convenio algunha preferencia no acceso ao emprego?

32.- Pódese pactar en convenio unha dobre escala salarial?

33.- Pódese pactar en convenio unha cláusula de garantía das condicións máis beneficiosas adquiridas individualmente?

34.- Pode remitir un convenio a unha ordenanza laboral ou a unha disposición derogada?

35.- Hai algunha xurisprudencia ou doutrina dominantes acerca das materias nas que máis frecuentemente aprécianse discriminacións indirectas?

5. PROCESO NEGOCIADOR

36.- Cando non é obrigatorio sentar a negociar un convenio colectivo?

37.- Hai unha duración máxima para o desenvolvemento da negociación dun convenio?

38.- Existe un número mínimo ou máximo de xuntanzas?

39.- É obrigatorio levantar acta de todas as xuntanzas negociadoras?

40.- Onde hai que acudir se se bloquea un proceso negociador?

41.- Pódense acadar ou pactar acordos parciais durante o proceso negociador?

42.- En que consiste o deber de boa fe negocial?

43.- Cal é a representatividade determinante: a de cando a constitución de mesa negociadora ou a de cando se asina o convenio?

44.- Pódese convocar folga durante a negociación dun convenio colectivo?

45.- Pódese solicitar asesoramento ou asistencia técnica do Consello Galego de Relacións Laborais durante o proceso negociador?

46.- Pódese revogar ás persoas negociadoras durante o proceso?

6. REXISTRO, DEPÓSITO E PUBLICACIÓN

47.- Como se rexistra un convenio colectivo?

48.- Que consecuencias ten a falta de rexistro no REGCON dun convenio colectivo?

49.- Que papel ten a Autoridade Laboral nos distintos trámites dun convenio colectivo?

50.- Que razóns podar levar á Autoridade Laboral a non rexistrar un convenio colectivo?

51.- Como actúa a autoridade laboral diante de presuntas deficiencias no rexistro dun convenio?

52.- É obrigatorio cubrir a folla estatística?

53.- Existe un prazo máximo para enviar un convenio colectivo a rexistrar?

54.- Onde se pode acceder ao texto dun convenio colectivo?

55.- Pódense delegar nun terceiro alleo á negociación os trámites de rexistro?

56.- Quen pode impugnar un convenio colectivo?

57. Como se pode impugnar un convenio colectivo?

58. Cando se pode impugnar un convenio colectivo?

59. Pode o asinante dun convenio colectivo impugnalo logo da súa sinatura?

60. De non dispor expresamente nada o convenio colectivo entra en vigor desde a sinatura ou desde a publicación?

7. COMISIÓN PARITARIA

61.-É obrigatorio constituír a comisión paritaria dun convenio?

62.-Que funcións ten a comisión paritaria? Diferenzas coa comisión negociadora

63.- Como se pode establecer o sistema de solución de discrepancias no seo da comisión paritaria?

64.- Quen forma parte da comisión paritaria? Teñen que estar nominalmente sinalados?

65.-Que eficacia teñen os acordos da comisión paritaria? Efectos da ausencia de acordo.

66.- Diferenza entre administración/interpretación dun convenio fronte a negociación.

67.- É obrigatorio acudir á comisión paritaria con carácter previo a acudir ao Acordo Galego de solución extraxudicial de conflitos?

LIMIAR

Resulta grato presentar a publicación que ten nas súas mans. O observatorio galego de negociación colectiva, órgano propio do Consello Galego de Relacións Laborais, acordou no ano 2014 elaborar unha pequena guía coas dúbidas que con maior frecuencia se plantexaban diante do Consello por parte de quen negociaba ou pretendía negociar un convenio colectivo. O Consello ten entre as súas funcións a de fomentar e ampliar a negociación colectiva, respectando o principio de autonomía da vontade das partes e dentro diso procura facilitar en todo o que sexa posible o desenvolvemento da negociación colectiva en Galicia, a mellora dos contidos dos convenios e a dinamización dos procesos negociais.

A presente publicación pretende ser un elemento de utilidade para aquelas cuestións máis básicas que se plantexan a cotío para os negociadores.

Compre agradecer ao departamento de Dereito do Traballo da Universidade de Santiago de Compostela, e concretamente aos coordinadores desta publicación, José María Miranda e Yolanda Maneiro, o traballo feito así como a sensibilidade para escoitar e recoller as achegas das organizacións empresariais e sindicais que son parte do observatorio galego de negociación colectiva e do Consello Galego de Relacións Laborais.

Desde o Consello desexamos que a todos vostedes lles sexa de utilidade esta publicación e que sirva para poñer en valor o que é unha preocupación constante para nós: a mellora da negociación colectiva galega.

Santiago de Compostela, decembro de 2014

1. DENUNCIA

1.- Quen pode denunciar un convenio colectivo?

O art. 86.2 do Estatuto dos Traballadores atribúe a calquera das partes negociadoras a facultade de denunciar o convenio colectivo, cando a súa vixencia chegue a termo. Pero esa facultade de denuncia está atribuída tamén aos que non subscribiron o convenio en cuestión, sempre que integren, por si mesmos ou conxuntamente con outros, a maioría esixida para o inicio das negociacións (lexitimación plena).

Non pode denunciar un convenio nin iniciar negociacións, mediante a constitución da comisión negociadora, quen simplemente ten o dereito a participar na mesa de negociacións, pero non alcanza lexitimación plena.

A denuncia na maior parte dos casos será unilateral, aínda que pode ser bilateral. Pode mesmo non efectuarse denuncia por ningunha das partes. Nese caso, o convenio vencido prorrogará a súa vixencia de ano en ano, ata que se produza a denuncia expresa (art. 86.2 do Estatuto dos Traballadores). E iso, está claro, sempre que os asinantes do convenio non dispuxesen outra cousa, pois a autonomía da vontade neste tema permite que as partes puidesen acordar, por exemplo, que a duración da prórroga sexa maior ou menor ou, mesmo, que non exista prórroga algunha.

2.- Que prazos ten a denuncia dun convenio colectivo?

Tras a reforma laboral de 2012, déixase á vontade das partes a regulación de prazos mínimos ou máximos para a denuncia do convenio, de maneira que en cada caso vai rexer o prazo que elas mesmas pactasen. O establecemento dun prazo mínimo para a denuncia forma parte do contido mínimo e necesario do convenio, xunto coa forma e condicións en que haberá de efectuarse o preaviso [art. 85.3.d) do Estatuto dos Traballadores].

En realidade, a posibilidade de denunciar o convenio significa a apertura das negociacións para substituír o que chegou ao seu fin, de aí a importancia de pactar e cumprir o prazo mínimo para a devandita denuncia. De todos os xeitos, a práctica demostra a existencia de convenios nos que se acordou unha denuncia automática; isto é, que unha vez alcanzado o termo final de vixencia, se produza a extinción do devandito convenio sen necesidade de efectuar un acto de denuncia específico.

3.- Ante quen se fai a denuncia?

O acto da denuncia consistirá nunha declaración de vontade expresa e inequívoca por parte de calquera dos suxeitos lexitimados, que se notificará á outra parte, preferiblemente por escrito. Este documento presentarase de forma simultánea á comunicación escrita pola cal esa mesma parte promoverá a negociación dun novo convenio colectivo.

Desta comunicación enviarase copia, a efectos de rexistro, á autoridade laboral correspondente en función do ámbito territorial do convenio. A parte receptora da comunicación deberá contestar por escrito e motivadamente, e só poderá negarse á iniciación das negociacións por causa legal ou convencionalmente establecida ou cando non se trate de revisar un convenio xa vencido (art. 89.1 do Estatuto dos Traballadores).

4.- Que elementos debe conter unha denuncia?

A denuncia deberá recoller a vontade expresa e inequívoca de advertir acerca da inminente finalización do convenio. Non se esixe que sexa escrita, pero si que sexa expresa (art. 86.2 do Estatuto dos Traballadores), de maneira que constitúa unha manifestación clara de que, quen a efectúa, se reafirma na súa vontade de dar por concluído o convenio. As partes non poden pactar renunciar ao carácter expreso da denuncia. Con iso estaríase vulnerando unha norma de dereito necesario, que ademais está orientada a ofrecer seguridade xurídica e a evitar situacións que poderían desembocar nun litixio. Unha denuncia tácita non pode converterse en válida só polo feito de que sexa recíproca, senón que para que sexa eficaz será preciso en todo caso que existan posteriores actos concretos —como, por exemplo, a negociación para substituír o convenio colectivo— que reparen ese defecto formal.

Formalmente, non existe un modelo de denuncia determinado, polo que haberá que estar ao que as partes acordasen no convenio en cuestión. De todos os xeitos, parece lóxico que no escrito de denuncia deban quedar perfectamente identificadas tanto a parte que denuncia o convenio, como aqueloutra ante quen se realiza. No suposto de que se trate dunha denuncia parcial, convén indicar nela que o preaviso non é sobre a totalidade do convenio, senón só dunha parte, acompañando no seu caso proposta sobre os puntos e contidos que comprenda a revisión solicitada.

Xunto coa denuncia, esa mesma parte propoñerá por escrito —no propio documento de denuncia ou noutro distinto— o inicio das novas negociacións, expresando detalladamente a lexitimación que ostenta, os ámbitos do convenio e as materias obxecto de negociación (art. 89.1 do Estatuto dos Traballadores).

5.- É obrigatorio rexistrar unha denuncia na plataforma *REGCON*?

A plataforma *REGCON* é o resultado de implantar a Administración electrónica na totalidade do procedemento administrativo de rexistro e inscrición dos convenios e acordos colectivos de traballo. Segundo a súa normativa reguladora, tamén as denuncias (totais ou parciais) previstas no art. 86 do Estatuto dos Traballadores serán obxecto de inscrición a través dos devanditos medios electrónicos (art. 2 Real Decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo), correspondendo á parte que a efectuara presentar a correspondente solicitude de inscrición ante a autoridade laboral competente, dentro dos quince días seguintes [art. 6.1.e) Real Decreto 713/2010].

Agora ben, esa esixencia de comunicar a denuncia do convenio ao organismo competente parece ter un valor meramente rexistral e publicitario, sen que poida dicirse que o rexistro constitúe unha condición imprescindible, cuxa ausencia priva de eficacia á denuncia feita.

O obxectivo básico da comunicación á autoridade administrativa que rexistra o convenio é garantir a publicidade do acto, de maneira que, ao quedar constancia no rexistro da denuncia, poida chegar a ser coñecida por todos aqueles que estean interesados nunha nova negociación. Polas razóns expostas, os Tribunais defenden a validez da denuncia recíproca do convenio, mediante un acordo plasmado por escrito e non comunicado á autoridade administrativa.

6.- Que efectos produce a denuncia en canto á vixencia dun convenio colectivo?

A vixencia dun convenio colectivo, unha vez denunciado e chegado ao seu fin, dependerá do que respecto diso se pactou no propio convenio (artigo 86.3 do Estatuto dos Traballadores). O determinante da denuncia é que supón a apertura dun período de negociacións para acordar un novo convenio colectivo. E a regra xeral é, agás que naquel establecérase outra cousa, que durante o tempo que dure ese período e ata a subscripción do novo, manterase a vixencia do convenio xa vencido. Trátase da denominada ultraactividade do convenio, que implica a pervivencia do seu contido normativo, agás que naquel se pactara xustamente o contrario (artigo 86.3 do Estatuto dos Traballadores). Iso si, no devandito período de ultraactividade deixan de ter vixencia as cláusulas polas que se renunciou á folga. Namentres, as partes poderán achegar acordos parciais para modificar algún dos contidos prorrogados, co fin de adaptalos ás condicións nas que se desenvolva a actividade no sector ou na empresa.

Esas mesmas partes terán o prazo dun ano para chegar a un acordo ou, no caso de existir discrepancias, para someterse a unha arbitrase, tendo en conta que o laudo arbitral que recaia terá a mesma eficacia que os convenios colectivos (artigo 86.3 do Estatuto do Traballadores). Transcorrido un ano dende a denuncia dun convenio colectivo sen acordar outro que o substitúa —ou sen que se dite laudo arbitral—, aquel perderá vixencia (sempre agás pacto en contrario), sendo preciso aplicar o convenio colectivo de ámbito superior que fora de aplicación (artigo 86.3). O prazo dun ano computarase a partir da denuncia no caso de que o convenio colectivo finalizara a súa vixencia expresa ou desde a fin desta en caso contrario.

Con carácter xeral, a ausencia de denuncia supón a prórroga do convenio de ano en ano; de novo, agás que as partes acordasen outra cousa (artigo 86.2 do Estatuto dos Traballadores).

7.- Que efectos ten a denuncia automática prevista no texto dun convenio colectivo?

A existencia no convenio dunha cláusula de denuncia automática, co propósito de que, unha vez chegase ao seu fin, se produza a extinción do convenio sen necesidade de efectuar ningún outro acto de denuncia específico, evita, en primeiro lugar, que entre en xogo a prórroga anual automática da vixencia do convenio. E obriga ás partes lexitimadas, en segundo lugar, a solicitar a constitución da comisión negociadora e iniciar as deliberacións, para acordar un novo convenio colectivo antes do transcurso dun ano.

2. COMISIÓN NEGOCIADORA

8.- Quen forma parte da comisión negociadora dun convenio?

A designación dos compoñentes da comisión negociadora corresponde ás partes negociadoras, que son os suxeitos colectivos lexitimados para a válida negociación dun convenio, segundo os artigos 87 e 88 do Estatuto dos Traballadores. Con carácter xeral, todo sindicato, federación ou confederación sindical, e toda asociación empresarial que

reúna o requisito de lexitimación, terá dereito a formar parte da comisión negociadora (artigo 87.5 do Estatuto dos Traballadores).

Nos convenios de empresa, integran a comisión negociadora o empresario ou a empresaria (ou a persoa en quen delegue) e, por parte das persoas traballadoras, a representación unitaria ou sindical. De feito, o artigo 87.1 do Estatuto dos Traballadores atribúe prioridade ás seccións sindicais respecto da representación unitaria, ao precisar que a intervención na negociación corresponderá a aquelas, cando sumen a maioría dos membros do comité de empresa ou a representación unitaria, e así o acorden. Nos convenios sectoriais, a comisión quedará validamente constituída cando as persoas representantes do sindicato ou sindicatos lexitimados integren, no seu conxunto, a maioría absoluta dos membros dos comités de empresa ou a representación unitaria; e cando as asociacións empresariais con lexitimación representen ao empresariado que ocupe á maioría das persoas traballadoras afectadas polo convenio (artigo 88.2 do Estatuto dos Traballadores).

Calquera que sexa o ámbito do convenio, existe plena liberdade á hora de nomear aos compoñentes da comisión negociadora. Aínda que non está previsto un procedemento específico de designación, o lóxico é, no caso dos convenios colectivos de empresa, que a representación unitaria e o comité de empresa (ou no seu caso, o comité intercentros) designen aos seus membros segundo ás súas normas internas de funcionamento. En xeral, as partes negociadoras poderán designar a calquera persoa da súa confianza que teña capacidade civil, con independencia de que estea afiliada ou non a unha organización sindical ou patronal, e á marxe de se ostenta ou non a condición de membro do comité de empresa ou de delegado de persoal. Agás casos excepcionais de exercicio abusivo ou discriminatorio deste dereito, ou propósito de excluír a un suxeito lexitimado, non corresponde aos tribunais laborais corrixir ou valorar a oportunidade dos acordos colectivos ou sindicais adoptados sobre este particular. É necesario o apoderamento expreso das persoas designadas para formar parte da comisión negociadora, pois en caso contrario, esta poderase ter por non constituída ou, mesmo, quedar invalidado o convenio.

9.- Como se distribúe a composición e o número de membros dunha comisión negociadora?

Sexa cal fose o ámbito do convenio, corresponde a cada unha das partes lexitimadas a designación do persoal e a composición numérica da comisión negociadora, respectando sempre o número máximo de membros. Cando se trate de convenios colectivos de empresa ou de ámbito inferior, a esixencia é que o número de representantes de cada lado non supere os trece membros, mentres que no caso de convenios de ámbito superior, a cifra máxima elévase a quince (artigo 88.4 do Estatuto dos Traballadores). Cada parte é libre para designar qué persoas e en qué número representaranlles no seo da comisión negociadora, pero iso non significa que dita comisión deba ser paritaria, dado que aquelas non están obrigadas a chamar a negociar ao mesmo número de membros; o que non impide, está claro, que o voto de cada lado teña exactamente o mesmo valor.

En calquera caso, o reparto de membros con voz e voto no seo da comisión negociadora efectuarase sempre con respecto do dereito de todas as organizacións que ostenten a lexitimidade, e en proporción a súa representatividade (artigos 87 e 88.1 do Estatuto dos Traballadores), por ser este o criterio máis acorde cos principios de liberdade sindical e autonomía negocial. Se no acto de constitución da comisión

negociadora todas as partes recoñécense como interlocutores, cabe supoñer que o número de membros acordado é correcto en función da representatividade de cada asociación.

10.- Hai un número máximo ou mínimo de membros dunha comisión negociadora?

A comisión negociadora non poderá exceder dun número máximo de membros por cada lado: trece, cando se trate de convenios de empresa ou de ámbito inferior á empresa; e quince, no caso de que o convenio teña un ámbito superior (artigo 88.4 do Estatuto dos Traballadores). O número máximo de membros non poderá ser ampliado por vontade das partes. Con todo, nada impide fixar un número de membros inferior ao máximo legal, e mesmo reducir ese número respecto de anteriores ocasións, sempre que non se faga de forma inxustificada ou arbitraria, co único propósito de excluír a unha organización sindical ou empresarial ou para posibilitar que algunha delas faga algo que o seu índice de representatividade non lle permite facer, pois iso supoñería unha vulneración do dereito de liberdade sindical ou, no seu caso, do dereito á negociación colectiva.

11.- Está limitado o número de persoas asesoras?

Durante as deliberacións, as partes poderán contar coa asistencia de persoas asesoras, que intervirán nas negociacións con voz, pero sen voto (art. 88.3 do Estatuto dos Traballadores). En principio, non existe limitación en canto ao número de persoas asesoras, a non ser que as propias partes negociadoras alcanzasen algún pacto dirixido a restrinxir o devandito número ou, mesmo, a limitar estas a persoas concretas.

A pesar da ambigua redacción do art. 88.3 do Estatuto dos Traballadores, resulta máis convincente a doutrina xudicial que sostén que a designación de persoas asesoras non ten que ir necesariamente precedida do mutuo acordo ou beneplácito da outra parte, posto que ditas persoas van actuar en favor e en interese da parte que os designe, sobre a base dunha relación de confianza mutua. O que xa non será admisible é que algunha das partes negociadoras faga un uso irregular ou torticero do recurso ás persoas asesoras, nomeándolas de forma inxustificada ou desmedida, co fin último de alterar artificialmente o número máximo de membros que pode ter a comisión negociadora.

Cuestión distinta é que, tamén en calquera momento das deliberacións, poidan acordar a intervención dunha persoa mediadora designada por elas (art. 89.4 do Estatuto dos Traballadores).

12.- É obrigatorio nomear Presidencia e Secretaría nunha comisión negociadora?

Non é obrigatorio que a comisión estea presidida por un terceiro, pero, de ser así, deberá designarse de mutuo acordo (art. 88.3 do Estatuto dos Traballadores), ao comezo das negociacións ou nun momento posterior. Do mesmo xeito que as persoas asesoras, a persoa elixida para presidir intervirá nas negociacións con voz, pero sen voto. Dado que non é obrigatorio, no caso de que a comisión negociadora optase pola non elección de persoa que presida, as partes deberán consignar, na acta da sesión constitutiva da comisión, o procedemento que van seguir para moderar as sesións e asinar as actas que correspondan ás devanditas sesións: un sistema rotatorio de presidencia entre as propias persoas negociadoras (nese caso o membro en cuestión si terá voz e voto), o

sometemento a un determinado código de conduta, a atribución en bloque á secretaría das funcións habituais da presidencia, etc.

Si que resulta obrigado, en cambio, o nomeamento dunha persoa secretaria, por ser quen ten que levantar a acta de constitución da mesa negociadora —onde queda constancia da identidade e da lexitimación que ostentan os membros da comisión—, así como a acta que recolla o acordo final, e que será asinada por un ou unha representante de cada unha das partes. Á fin e ao cabo, non pode esquecerse que o convenio colectivo esixe a forma escrita, baixo sanción de nulidade (art. 90.1 do Estatuto dos Traballadores).

13.- Como se vota nunha comisión negociadora dun convenio?

A validez dos acordos alcanzados pola comisión negociadora require o voto favorable da maioría de cada unha das dúas partes (artigo 89.3 do Estatuto dos Traballadores). Agora ben, a xurisprudencia precisou que para calcular a devandita maioría dentro da comisión negociadora dun convenio, haberá de ponderarse o voto de forma proporcional á representación que cada membro ostente na devandita comisión, e non segundo o criterio que atende ao número de membros de cada banco (voto persoal ou “por cabeza”). Isto é así, sobre todo tendo en conta que a lexitimación real para negociar provén da representatividade e para entender que un convenio foi aprobado en interese e representación da maioría dos traballadores, os integrantes da comisión tamén deben representar esa maioría.

14.- Como se pode conseguir un certificado de representatividade sindical?

Debe acudirse á oficina pública onde se rexistran as actas das eleccións aos órganos de representación unitaria nas empresas, que expedirán a correspondente certificación (art. 75 do Estatuto dos Traballadores).

Nos convenios colectivos con ámbito xeográfico igual ou inferior ao da Comunidade Autónoma de Galicia, debe solicitarse ante a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Xunta de Galicia.

Se o convenio ten un ámbito superior ao da comunidade autónoma, o órgano competente é a Dirección Xeral de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

15.- Como se mide a representatividade empresarial nos convenios sectoriais?

Segundo o artigo 87.3 do Estatuto dos Traballadores, están lexitimadas para negociar as asociacións empresariais que no ámbito xeográfico e funcional do convenio, contén co 10% do empresariado e dean emprego á mesma porcentaxe de persoas traballadoras afectadas. Tamén están lexitimadas as asociacións empresariais que, con independencia do número de empresarios e empresarias afiliados, dean emprego ao 15% das persoas traballadoras afectadas.

Nos sectores nos que non existan asociacións con estas características, estarán lexitimadas as asociacións empresariais de ámbito estatal que contén co 10% ou máis das empresas ou das persoas traballadoras no ámbito estatal. Tamén o estarán as asociacións empresariais de comunidade autónoma que contén nesta, polo menos, co 15% das empresas ou das persoas traballadoras.

3. ÁMBITOS

16.- Que ámbitos debe recoller un convenio colectivo?

Ámbito persoal, funcional, territorial e temporal (que as partes acorden). Todos eles axúdannos a delimitar a unidade de negociación do convenio e forman parte do seu contido mínimo (arts. 83 e 85 do Estatuto dos Traballadores).

17.- Como se delimita o ámbito temporal dun convenio?

A duración e vixencia do convenio é establecida polas partes negociadoras, podendo establecer diferentes períodos por contidos homoxéneos. Agás pacto en contrario, e se non media denuncia de ningunha das partes, o convenio prorrógase anualmente (art. 86 do Estatuto dos Traballadores).

18.- Como se delimita o ámbito funcional dun convenio?

Os convenios colectivos terán o ámbito de aplicación que as partes acorden, conforme á súa lexitimación negocial. O convenio pode ser infraempresarial (de centro de traballo ou de grupo de persoas traballadoras), empresarial (empresa, grupo de empresas ou pluralidade de empresas) e supraempresarial (sector ou subsector de actividade e intersectorial). Aínda que non existe un criterio legal expreso, a maneira de determinar de feito ese ámbito funcional, á marxe dos convenios de empresa, é recorrer a concreción precisa da rama, sector ou subsector da actividade económica –evitando a remisión ás derogadas Ordenanzas de Traballo– ou, no seu caso, delimitando en sentido negativo o seu ámbito de aplicación a partir dunha listaxe detallada como, por exemplo, a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE).

19.- Como se delimita o ámbito persoal dun convenio?

Os convenios colectivos terán o ámbito persoal que as partes acorden, conforme á súa lexitimación negocial. O convenio colectivo será negociado para a totalidade ou parte do persoal da empresa podendo, sen vulnerar o principio de igualdade de trato, negociar por separado un grupo ou varios grupos de persoas traballadoras. E, no seu caso, para todas as persoas traballadoras que desenvolvan a súa actividade laboral por conta allea no marco do correspondente ámbito funcional (convenio supraempresarial). Tamén se pode facer unha delimitación en sentido negativo do seu ámbito de aplicación (persoal), por exemplo, excluindo ás persoas de Alta Dirección.

20.- Pode excluírse a un determinado colectivo de persoas traballadoras da aplicación dun convenio?

Si. O límite estará no respecto ás leis e aos dereitos fundamentais das persoas que puidesen verse afectadas pola exclusión; o criterio do Tribunal Constitucional é que debe haber unha “xustificación obxectiva e razoable”. Tamén se pode deixar constancia expresa, aínda que sexa obvio, da exclusión dun colectivo que realice unha actividade que non estea configurada como por conta allea nos termos do artigo 1 do Estatuto dos Traballadores, ou como relación laboral especial das enumeradas no artigo 2.1 do Estatuto dos Traballadores.

21.- Que é a ultraactividade?

É a vixencia do contido normativo do convenio colectivo unha vez rematado o período polo que este foi pactado e mentres non sexa pactado outro convenio que o substitúa. O contido normativo é o contido que afecta aos contratos individuais de traballo incluídos no ámbito de aplicación do convenio, a regulación xeral e abstracta das relacións de traballo na empresa (ex. salarios, tempo de traballo...).

22.- Pódese pactar nun convenio colectivo a súa ultraactividade?

Si, pódese. Segundo o artigo 86 do Estatuto dos Traballadores a ultraactividade non opera, agás pacto en contrario. Sinala ademais que, unha vez denunciado o convenio e concluída a duración pactada, o convenio colectivo regulará a súa vixencia nos termos que se estableceron no propio texto convencional.

23.- Se non se pacta nada, que ultraactividade ten un convenio?

O convenio non terá ultraactividade, agás pacto en contrario, despois de doce meses desde a súa denuncia – iniciándose o cómputo do período desde a data de termo da vixencia pactada no convenio- sen acordar un novo convenio colectivo ou ditado un laudo arbitral, aplicarase, se existe, o convenio de ámbito superior aplicable (art. 86 do Estatuto dos Traballadores).

4. CONTIDO

24.- Cal é o contido mínimo dun convenio colectivo?

Sen prexuízo da liberdade das partes para determinar o contido dos convenios colectivos, incluírán no seu texto:

- a) As partes que os concertan.
- b) Ámbito persoal, funcional, territorial e temporal.
- c) Procedementos para solucionar as discrepancias que poidan xurdir para a non aplicación das condicións de traballo (descolgue/inaplicación convencional).
- d) Forma e condicións de denuncia do convenio, así como prazo mínimo para a devandita denuncia antes de finalizar a súa vixencia.
- e) Designación dunha comisión paritaria, así como os procedementos e prazos de actuación desta, incluído o sometemento das discrepancias producidas no seu seo aos sistemas extraxudiciais de solución de conflitos establecidos mediante os acordos interprofesionais de ámbito estatal ou autonómico do artigo 83 do Estatuto dos Traballadores.

25.- Que aspectos remite a Lei obrigatoriamente á negociación colectiva?

As remisións das disposicións legais e regulamentarias á negociación colectiva son múltiples, e en diferentes graos de afectación; a normativa legal remite ao pactado na

negociación colectiva para mellorar o disposto na lexislación, complementar o previsto ou regular o non previsto nela.

Entre outras cuestións, por exemplo, a lei remite aos convenios colectivos en materia de contratación temporal (artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores), contratos formativos (artigo 11.3 do Estatuto dos Traballadores), ou a tempo parcial (artigo 12.4 do Estatuto dos Traballadores), promoción profesional (artigos 17.4 e 23.2 do Estatuto dos Traballadores), clasificación profesional (artigo 22 do Estatuto dos Traballadores), retribucións (artigo 26.3 do Estatuto dos Traballadores), tempo de traballo (artigos 34.8, 36.2 e 37.4 do Estatuto dos Traballadores), mobilidade funcional (artigo 39.2 do Estatuto dos Traballadores) e excedencias (artigo 46.3 do Estatuto dos Traballadores).

Tras a aprobación da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o artigo 85 do Estatuto dos Traballadores impón “o deber de negociar” (non de pactar) medidas tendentes a facilitar a igualdade de oportunidades entre traballadores e traballadoras. Igual mandato de negociación impónse en canto aos plans de igualdade co alcance e contido previstos naquela Lei, con obriga nas empresas de máis de 250 persoas traballadoras.

26.- Que aspectos permite a Lei facultativamente que se melloren na negociación colectiva?

A relación entre lei e convenio recóllese expresamente nalgúns preceptos do Estatuto dos Traballadores e a súa normativa concordante. Noutros casos, a pesar da ausencia dunha remisión expresa por parte da norma legal, os tribunais interpretan que o convenio colectivo pode regular diversos aspectos da relación laboral.

O artigo 85 do Estatuto dos Traballadores prevé que, dentro do respecto ás Leis, as persoas negociadoras poderán pactar cláusulas de índole “económica, laboral, sindical e, en xeral, cantas outras afecten ás condicións de emprego”, así como cuestións de contido colectivo (relacións das persoas traballadoras e as súas organizacións representativas co empresario ou coa empresaria e as asociacións empresariais) incluídos os procedementos para resolver as discrepancias xurdidas nos períodos de consulta que teñan lugar en supostos de mobilidade xeográfica, modificación substancial de condicións de traballo, suspensión e redución de xornada por causas obxectivas/empresariais ou despedimentos colectivos. “A través da negociación colectiva poderanse articular procedementos de información e seguimento dos despedimentos obxectivos, no ámbito correspondente” (art. 85.2 do Estatuto dos Traballadores).

27.- Pódense menoscabar/minorar por convenio colectivo as condicións laborais establecidas por lei?

Non, nunca. Conforme á enumeración de fontes aplicables á relación laboral (puntos 1 e 3 do art. 3 do Estatuto dos Traballadores), o convenio colectivo está supeditado ao disposto polas normas legais de dereito necesario. Sempre se debe garantir o respecto ás leis. Tal indisponibilidade de dereitos legais tamén se dá nos dereitos recollidos no convenio, segundo a doutrina do Tribunal Supremo, se así se recolle expresamente na correspondente cláusula do convenio colectivo (art. 3.5 do Estatuto dos Traballadores).

28.- Que diferenza existe entre o contido normativo e o contido obrigacional dun convenio colectivo?

As cláusulas que regulan as relacións entre as partes asinantes do convenio son parte do contido obrigacional, cuxo exemplo mais claro é “a paz social” durante a vixencia do convenio, que só vincula aos suxeitos negociadores (art. 86.3 do Estatuto dos Traballadores). O contido normativo pode ser individual se regula as condicións de traballo e as relacións entre as persoas traballadoras e a empresa individualmente considerados (salarios, xornada, clasificación profesional, etc.), ou colectivo se se ocupa de relacións entre a empresa e a representación unitaria ou sindical do persoal (entre outras, constitución do comité intercentros, dereitos de información, incremento do crédito horario retribuído). Ademais desta diferenza material, hai outra substancial en canto á natureza das cláusulas normativas ou obrigacionais, tendo unha eficacia xurídica máis ampla as primeiras en termos de vixencia e afectación –matizada, en gran medida, ao suprimir a ultraactividade (das cláusulas normativas) do vixente art. 86–. O incumprimento das cláusulas normativas por parte do empresariado pode ser obxecto de sanción administrativa (art. 5 Lei de infraccións e sancións na orde social).

29.- Pódese establecer unha idade de xubilación obrigatoria por convenio colectivo?

Tras as reformas introducidas pola Lei 3/2012, de 6 de xullo, na disposición adicional décima do Estatuto dos Traballadores, “entenderanse nulas e sen efecto as cláusulas dos convenios colectivos que posibiliten a extinción do contrato de traballo polo cumprimento por parte da persoa traballadora da idade ordinaria de xubilación fixada na normativa de Seguridade Social, calquera que sexa a extensión e alcance das devanditas cláusulas”. Polo tanto, a partir da entrada en vigor da devandita norma (8 de xullo de 2012) non resulta posible establecer unha idade de xubilación obrigatoria (ou, se se prefire, forzosa) por convenio colectivo. Dito con outras palabras, os convenios que se subscriban a partir da entrada en vigor da Lei 3/2012 (8 de xullo de 2012) non poderán incorporar este tipo de cláusulas.

Iso con todo, a propia Lei 3/2012 contemplou unha específica previsión transitoria en relación coas cláusulas dos convenios colectivos referidas ao cumprimento da idade ordinaria de xubilación pero pactadas con carácter previo á súa entrada en vigor. En concreto, respecto dos convenios colectivos subscritos con anterioridade á entrada en vigor da Lei 3/2012, a súa disposición transitoria décimo quinta estableceu o seguinte:

- a) Cando a finalización da vixencia inicial pactada dos devanditos convenios se produza despois da data de entrada en vigor da Lei 3/2012, a aplicación do novo teor da disposición adicional décima do Estatuto dos Traballadores considerando nulas e sen efecto este tipo de cláusulas producirase a partir da data da citada finalización.
- b) Cando a finalización da vixencia inicial pactada dos devanditos convenios produciuse antes da data de entrada en vigor da Lei 3/2012, a aplicación do novo teor da disposición adicional décima do Estatuto dos Traballadores considerando nulas e sen efecto este tipo de cláusulas producirase a partir desta última data (8 de xullo de 2012).

30.- Pódese establecer a clasificación profesional por categorías profesionais?

Corresponde á negociación colectiva (ou, na súa falta, ao acordo entre a empresa e os representantes dos traballadores) establecer o sistema de clasificación profesional das persoas traballadoras. Agora ben, tras as reformas introducidas no artigo 22 do Estatuto dos Traballadores polo Real Decreto Lei 3/2012, de 10 de febreiro, primeiro, e pola Lei 3/2012, de 6 de xullo, despois, este sistema só poderá establecerse por medio de grupos profesionais. Así as cousas, a partir da entrada en vigor das citadas normas (12 de febreiro e 8 de xullo de 2012, respectivamente), non é posible establecer a clasificación profesional por categorías profesionais.

De feito, nesta mesma orde de cousas, a definición do grupo profesional deixou de referirse xa ás categorías profesionais: “Entenderase por grupo profesional o que agrupe unitariamente as aptitudes profesionais, titulacións e contido xeral da prestación e, poderá incluír distintas tarefas, funcións, especialidades profesionais ou responsabilidades asignadas á persoa traballadora” (art. 22.2 do Estatuto dos Traballadores).

En calquera caso debe advertirse que iso é así aínda cando numerosos preceptos dispersos en moi diversas normas publicadas con anterioridade á sinalada reforma do artigo 22 do Estatuto dos Traballadores continúen referíndose a categorías profesionais. Dito con outras palabras, tras as reformas introducidas en 2012 no sistema de clasificación profesional as referencias normativas que podamos atopar ás categorías profesionais deberán entenderse por non postas.

Polo demais, a disposición adicional novena da Lei 3/2012, estableceu un prazo específico para a adaptación dos convenios colectivos entón vixentes ao novo sistema de clasificación profesional: “No prazo dun ano os convenios colectivos en vigor deberán adaptar o seu sistema de clasificación profesional ao novo marco xurídico previsto no artigo 22 do Estatuto dos Traballadores”. Pasado este prazo, as referencias convenionais á clasificación profesional por categorías profesionais deberán terse, igualmente, por non postas debendo acudirse entón ao concepto máis amplo do grupo profesional que, no seu caso, as englobe.

Con todo, nada impide que sobre a base do establecemento do sistema de clasificación profesional dos traballadores por medio de grupos profesionais, os convenios colectivos poidan estruturar ditos grupos na forma que entendan oportuna. Por exemplo, establecendo niveis ou subniveis de cualificación. Agora ben, aínda que sexa efectivamente así, a clasificación profesional dos traballadores terá que ir referida sempre ao grupo profesional ao que pertencen.

31.- Pódese establecer en convenio algunha preferencia no acceso ao emprego?

Dentro do respecto ás leis, os convenios colectivos poden regular materias de moi diversa índole: económica, laboral, sindical e, en xeral, cantas outras afecten ás condicións de emprego (art. 85.1 do Estatuto dos Traballadores). Por descontado, entre estas últimas condicións cabe incluír cantas refiran ao acceso ao emprego. Por iso é polo que, de entrada, ben puidesen admitirse cláusulas convencionais que establezan determinadas preferencias no acceso ao emprego. Por exemplo, a través de listas de espera ou bolsas de traballo.

Agora ben, o xenérico deber de respecto das leis por parte dos convenios colectivos impide que estas preferencias acaben constituíndo diferenzas de trato de carácter arbitrario ou irrazoable. Por exemplo, enmascarando verdadeiras discriminacións no acceso ao emprego por razóns de idade, discapacidade, sexo, orixe (racial ou étnico),

parentesco, estado civil, condición social, relixión ou conviccións, ideas políticas, orientación ou condición sexual, lingua, filiación sindical, etc. De feito, advírtase que “Entenderanse nulos e sen efecto ... as cláusulas dos convenios colectivos ... que dean lugar no emprego ... a situacións de discriminación directa ou indirecta desfavorables” por calquera dos motivos indicados (art. 17.1 do Estatuto dos Traballadores). Cuestión, polo demais, non sempre fácil de dilucidar na práctica pois, como facilmente pode imaxinarse, múltiples e moi variadas poden ser as hipóteses posibles. É por iso polo que, en ocasións, non resulta estraña a necesidade de acudir aos Tribunais en orde á validación ou non destas preferencias convencionais.

Con todo, por se houberse dúbidas, determinadas previsións normativas permiten contemplar de forma expresa algún tipo de preferencia convencional no acceso ao emprego (apartados 2 e 3 do art. 17 do Estatuto dos Traballadores). Entre outros, este sería o caso, por exemplo, das previsións establecidas a favor do emprego das mulleres. De feito, e sen prexuízo das regras xerais de non discriminación, “a negociación colectiva poderá establecer medidas de acción positiva para favorecer o acceso das mulleres a todas as profesións. Para ese efecto poderá establecer reservas e preferencias nas condicións de contratación de modo que, en igualdade de condicións de idoneidade, teñan preferencia para ser contratadas as persoas do sexo menos representado no grupo profesional de que se trate” (art. 17.4 do Estatuto dos Traballadores; en similar sentido exprésase, tamén, o art. 43 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes).

En fin, entre outras, preferencias convencionais no acceso ao emprego poden deducirse no suposto de familias numerosas (art. 10.1 Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas) ou na contratación das persoas traballadores en misión por parte das empresas usuarias (apartados 3 e 4 do artigo 17 da Lei 14/1994, de 1 de xuño, de Empresas de Tráballo Temporal).

32.- Pódese pactar en convenio unha dobre escala salarial?

Dentro do respecto ás leis, os convenios colectivos poden regular materias de moi diversa índole (art. 85.1 do Estatuto dos Traballadores). Por suposto, entre as devanditas materias cabe incluír cantas refiran á retribución das persoas traballadoras. Por iso é polo que resulta perfectamente admisible que os convenios colectivos establezan previsións específicas sobre o salario das súas persoas traballadoras. Por exemplo, fixando as correspondentes táboas salariais. Non en balde, “mediante a negociación colectiva ou, na súa falta, o contrato individual, determinarase a estrutura do salario” (art. 26.3 do Estatuto dos Traballadores).

Agora ben, o xa citado deber de respecto das leis por parte dos convenios colectivos impide que, ao regular a retribución das persoas traballadoras, aqueles poidan establecer diferenzas de trato de carácter arbitrario ou irrazoable. Por tanto, tamén aquí, e polos mesmos motivos sinalados anteriormente, resultará prohibida todo tipo de discriminación salarial, xa sexa directa ou indirecta. O que, como tivo ocasión de sinalarse xa, non sempre é fácil de dilucidar na práctica pois, como facilmente pode imaxinarse, múltiples e moi variadas poden ser as hipóteses posibles. Por iso é polo que, en ocasións, o recurso aos Tribunais resulte obrigado.

Sendo iso así, ben podería sosterse de entrada que os convenios colectivos atópanse habilitados para establecer retribucións diferentes ou, se se prefire, dobres escalas salariais (por exemplo, establecendo salarios inferiores ou excluindo en determinados

supostos o aboamento dalgún complemento salarial). Agora ben, en atención ao principio de igualdade de trato (art. 14 da Constitución Española), tales dobres escalas salariais unicamente serán válidas se se apoian nunha xustificación obxectiva e razoable (que, precisamente, xustifique a aparente desigualdade) en situacións que en principio deben merecer un mesmo tratamento. De tal maneira que, carecendo da devandita xustificación, haberán de considerarse nulas e sen efecto (art. 17.1 do Estatuto dos Traballadores).

Neste sentido, a modo de exemplo, xurisprudencialmente rexeitáronse dobres escalas salariais baseadas, única e exclusivamente, no carácter temporal ou indefinido dos contratos de traballo, na contratación anterior ou posterior a unha determinada data ou no momento de incorporación indefinida á empresa.

Por todo iso, á hora de establecer por convenio colectivo dobres escalas salariais, as partes negociadoras deberán asegurarse da existencia dunha xustificación obxectiva e razoable para o efecto (por exemplo, distintas responsabilidades, titulacións, funcións, destrezas, habilidades, obxectivos, etc.). Para o que, en último termo, recoméndase acudir á numerosa doutrina xudicial e xurisprudencial xa existente na materia.

33.- Pódese pactar en convenio unha cláusula de garantía das condicións máis beneficiosas adquiridas individualmente?

Con carácter xeral, as cláusulas convencionais de “garantía das condicións máis beneficiosas adquiridas individualmente” (ou, se se prefire, de “respecto dos dereitos adquiridos” ou de “respecto das condicións máis beneficiosas”) son cláusulas coas que se pretende que o empresariado respecte aquelas condicións laborais (de moi diversa índole) máis favorables que as previstas no convenio colectivo pactado e gozadas a título individual polas persoas traballadoras. Xa sexa con ocasión dos seus respectivos contratos de traballo, da concesión unilateral (individual ou colectivamente) por parte do empresariado ou doutro título distinto (por exemplo, pactos ou acordos colectivos de empresa).

Desde este punto de vista, as citadas cláusulas adoitan arrastrarse duns convenios colectivos previos a outros posteriores. Por iso é polo que nada impide que se poidan pactar efectivamente. Así e todo, con este específico sentido, a súa expresa previsión convencional non resulta absolutamente necesaria pois o principio de condición máis beneficiosa podería garantirse doutro xeito [art. 3.1 c) do Estatuto dos Traballadores]. Con todo, non está de máis que o convenio colectivo determine exactamente os dereitos que se pretenden respectar. Sobre todo, tratando de evitar con iso posibles colisións coas cláusulas de absorción e compensación.

En fin, a operatividade destas cláusulas de garantía resulta moito máis evidente cando do recoñecemento de usos e costumes laborais se trata. Non en balde, advírtase a este respecto que “Os usos e costumes só se aplicarán en defecto de disposicións legais, convencionais ou contractuais, a non ser que contén cunha recepción ou remisión expresa” (art. 3.4 do Estatuto dos Traballadores).

34.- Pode remitir un convenio a unha ordenanza laboral ou a unha disposición derogada?
